

Guía de boas prácticas na natureza no espazo protexido do Canón do Sil



Esta “Guía de boas prácticas na natureza no espazo protexido do Canón do Sil” recompila unha selección de propostas concretas dirixida a todas as persoas que visitamos o espazo da rede Natura 2000, e pretende contribuír a minimizar o impacto das nosas actividades sobre o patrimonio natural, cultural e histórico.

A guía inclúe unha serie de recomendacións elaboradas co obxectivo de conseguir que o uso público e a realización de actividades no Canón do Sil sexan cada vez máis sostibles, non só co medio ambiente, senón tamén coa poboación local, a súa economía, cultura e identidade.

O Canón do Sil, como espazo da rede Natura 2000, conta coa súa propia normativa acerca de usos e actividades permitidos, autorizables ou prohibidos (se che interesa, podes consultar máis información no [Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia](#)). Con todo, dentro de cada espazo protexido hai usos e actividades que, a pesar de estar permitidas, poden causar impactos non desexados tanto a nivel ambiental, como social ou económico.

Nesta guía atoparás unha serie de recomendacións moi fáciles de seguir para que a túa visita ao Canón do Sil sexa o máis sostible posible. O noso comportamento é clave para a súa conservación, grazas pola túa colaboración!



Vas visitar un **espazo protexido** que forma parte da **rede Natura 2000**, polo que debes **respectar** en todo momento a conservación das **especies** e das **paisaxes** que te atopas.

QUE PODO FACER EU?

Antes de empezar

Planifica a túa actividade con antelación, **Infórmate** sobre os valores naturais e culturais, sobre as tradicións e costumes e, se algo che interesa ou non o entendes, **consulta na web** de Parada de Sil, na **oficina de turismo** ou nos **establecementos locais** que vaías visitar.




Infórmate sobre todos os **servizos** ou **produtos** que podes contratar ou adquirir en Parada de Sil e trata de **apoiar a economía local** consumíndoos e **promocionándoos**.


Programa a actividade para desenvolvela durante as horas de luz, **evitando o uso de focos de luz artificial**.




Vas realizar algunha **actividade** con **empresas da contorna**? **Infórmate** sobre as súas **prácticas sostibles**, o nivel de **acesibilidade** das instalacións, do grao de **inclusión** ou do servizo que prestan ou a súa **vinculación** coa cultura local. Poderás dar prioridade a aquelas que tamén estean **comprometidas coa sustentabilidade**.



Se vas chegar no teu propio **vehículo** a Parada de Sil, **aparca** só nos **lugares habilitados**, **circula** sempre por estradas ou **pistas permitidas**, e faino sempre a **baixa velocidade** e sen emitir ruídos innecesarios.



Se usas **bastóns** de sendeirismo ou **bicicleta**, asegúrate de que estean **limpos** antes de iniciar a actividade para evitar a introdución ou dispersión involuntaria de especies de flora exóticas que poidan resultar **invasoras**.



DURANTE A ACTIVIDADE

Minimiza o teu impacto sobre o solo

Se podes, unha vez que esteas en Parada de Sil, **utiliza máis as túas pernas** que o teu vehículo para desprazarte entre os puntos de interese. Ademais de xerar menos gases de efecto

invernadoiro e menos ruído, a experiencia será moito mellor e máis completa.

Non circules campo a través ou fóra dos carreiros

existentes, **nin abras novos camiños** ou atallos. O chan e a vexetación resultan moi danados, e tamén afecta a outros seres vivos.



Non deixes sinais que indiquen o camiño, nin amontoes pedras ou marques de ningunha outra forma o percorrido.

Non vadees cursos de auga ou, se non tes máis remedio, faino só polos lugares acondicionados para iso.

Coidado coa fauna e a flora

Non levantes a voz, non poñas música con altofalantes **nin fagas ningún ruído innecesario**. Aínda que non te deas conta, estás a molestar á fauna do espazo protexido (e pode que a outras persoas tamén).

En caso de necesitar **iluminación artificial**, emprega o **menor número** posible de **puntos de luz**, utiliza luz de **temperatura suave** (amarela ou ámbar) e **evita alumear** máis do estritamente necesario e nunca **cara ao ceo ou de maneira directa á fauna**.



Non alimentes á fauna silvestre.

No caso de que se produzan **encontros inesperados** con fauna, **mantén sempre unha distancia prudente** e, sen molestar, **retírate do lugar**. É importante ter en conta que se os animais cambian o seu comportamento (móvense cando estaban estáticos, aumentan a velocidade de movemento, realizan sons fortes, axítanse de arriba abaixo etc.) significa que estás demasiado preto e é necesario saír dese lugar.

Non recollas ningún organismo vexetal ou animal, mesmo se parece sen vida, nin os molestes ou lles fagas dano.

Avisa ás autoridades **chamando ao 112** se te atopas con **animais feridos** ou se identificas **práctica ilegal dalgunha actividade** que penses que pode poñer en perigo á fauna ou a flora do Canón do Sil.

Se che acompaña algún **animal de compañía**, lévao **sempre atado** con correa e respecta os lugares onde non está permitido o seu acceso.



Coida o patrimonio, que é a historia dunha comunidade


Tanto o **patrimonio cultural** como **natural** forman parte da historia deste lugar: **non fagas pintadas, nin inscricións nin ningunha outra marca** que o dane de calquera xeito.

Interésate e participa nos **eventos culturais** e nas **tradicións** de Parada de Sil, **a cultura inmaterial marca a identidade** deste lugar e axudarache a entender tanto o que ves como o que non ves.



Non deixes ningún residuo no lugar

Leva sempre contigo un **sistema para a recollida** de todo o **lixo** que xeres no transcurso da túa actividade. Se queres, podes utilizalo tamén para recoller outros residuos que che atopas no espazo, especialmente se son plásticos.




Se tes **necesidade de ir ao baño**, busca un **lugar con aseos**. Se **non existe** ningún preto, **enterra os teus excrementos** cavando un foxo duns 15 cm de profundidade (nunca a menos de 15 metros dos cursos de auga) e **lévate o teu papel hixiénico usado nunha bolsa**.



Mostra respecto pola comunidade local e por outros visitantes

Probablemente te atopas con algunha persoa ao longo da túa actividade, **sé amable** en todo momento, e non dubides en pedir axuda se o necesitas, ou en ofrecela se cha solicitan.

Respecta a actividade profesional das persoas de Parada de Sil, é posible que pases polo seu lugar de traballo (campos de cultivo ou bosques nos que se aproveita algún recurso, zonas de investigación ou mostraxes científicos etc.)/ etc.). Axuda a que **a túa actividade conviva sen problema** co resto.



CANDO TERMINE A TÚA VISITA

Difunde e comparte a experiencia coas túas persoas próximas.

Estende a túa aprendizaxe a todos os espazos naturais que visites.





Esta guía realizouse no marco das axudas para estudos e investimentos vinculados á conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na rede Natura 2000 de Galicia, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia.

Enmárcase na actuación de **“CONSERVACIÓN E POSTA EN VALOR DA ZEC CAÑÓN DO SIL NON CONCELLO DE PARADA DE SIL”** (expediente MT814A/32/2024/000063/C), que foi financiada integramente con cargo ao Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 de Galicia, cunha achega do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) do 80%, cos fondos propios da Xunta de Galicia nun 14% e cos fondos propios do Estado nun 6%, sendo a axuda total obtida de 29.900,00 €.

Que o teu paso non deixe rastro !



Concello de
PARADA DE SIL



XUNTA
DE GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



NATURA 2000